



TEXTO MÍNIMOS

1. A asociación é veciñal. O **obxectivo** actual é a **paralización dos proxectos de parques eólicos que afectan á comarca (Terra de Montes) e aos seus arredores.**

2. Por unanimidade recollemos nos Estatutos da asociación o seguinte punto no que se refire á participación dos partidos políticos, no artigo 7.1:

A asociación está aberta a todos os colectivos que queiran participar, agás aos partidos políticos. Entendemos que hai partidos políticos que desexan participar dun xeito honesto da asociación, mais son numerosos os intentos de apropiación partidaria e manipulación deste tipo de asociacións veciñais por parte dos partidos políticos e non queremos correr o risco. As persoas que pertenzan a un partido político poderán participar a título individual sen facer mención expresa do seu partido. Tamén damos a benvida ao apoio dos partidos políticos ás accións da asociación.

3. O que queremos das corporacións municipais e das institucións locais é un posicionamento unánime. Este implica que as anteriores, coas súas ferramentas e recursos, traballen na paralización dos proxectos eólicos e atendan aos intereses de todas as persoas veciñas que facemos parte da asociación.

4. A asociación é plural, é dicir: calquera veciña (de seu pai e de súa nai) é benvida a formar parte da asociación como parte activa.

Non somos profesionais, nin podemos dar asistencia técnica, pero si poñer en común os recursos e as posibilidades de cada unha de nós para axudarnos unhas ás outras a ter información rigorosa para poder tomar decisións.

5. Todas as persoas da asociación poden participar de actos públicos, representándose así mesmas. En ningún caso se falará en nome da asociación por respecto á pluralidade da mesma, no que non sexa referido ao interese común da paralización desta invasión eólica.